




FERVENZAS DO UMIA (Forcarei-Moraña)

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 50 km en coche (lineal) e 4 km a pé
Dificultade: media
Duración: 6 horas (con calma)

Unha ruta que combina percorridos en coche con curtos desprazamentos a pé para coñecer algunhas das fervezas do Umia e dos seus afluentes no tramo comprendido entre o seu nacemento e o encoro da Baxe, en terras dos concellos de Forcarei, A Estrada, Campo Lameiro, Moraña e Cuntis. Pódese empregar todo o día combinado con paradas en algunhas das áreas recreativas e nas poboacións das proximidades. Tamén poderíamos achegarnos ao mosteiro de Acibeiro.



1-Rego Segón

Na parroquia de Quintillán (A Estrada). A ferveza está modificada pola presa dun muíño. Ten aproximadamente 5 m de altura en rochas graníticas.
COMO CHEGAR: na estrada de Forcarei a Meavía cóllese o cruce a Quintillán. A ferveza está case no cruce, ao pé da ponte vella.



2- Meavía

Pequeno salto no mesmo río Umia.
COMO CHEGAR: na estrada de Forcarei a Meavía, xusto antes de cruzar o río, atópase á dereita na cabeceira dun prado.



3- Rego das Fervenzas.

En Quintas-Codeseda (A Estrada). O rego salva un gran desnivel en poca distancia nunha sucesión de saltos e rápidos.

COMO CHEGAR: pola estrada de Codeseda a Moraña, antes de chegar a Quintas, ao cruzar o río, cóllese o primeiro cruce, de terra, á esquerda e séguese, sen desviarse del, ata un pouco antes de chegar á primeira casa á dereita. Alí, mesmo na curva á dereita, sae un camiño á esquerda, que polo medio dunha fermosa carballeira, baixa ao río, ao pouco de camiñar por el xa se ve a fervenza.

Para acceder ás máis grandes crúzase o lugar e séguese polo camiño de terra que sobe ao monte. Nel, antes de entrar nunha curva pechada á dereita, hai un pequeno alargo. Da mesma curva sae un camiño, á esquerda que, con certa dificultade, nos vai achegando ao río e ás fervenzas.



4- Rego de Insuela.

Unha pequena fervenza nunha zona chea de rápidos e pequenos saltos de moi difícil acceso.

COMO CHEGAR: na estrada de Codeseda a Souto pásase o rego de Insuela e logo unha curva á dereita, dela sae unha pista á esquerda que nos leva á parte alta do lugar e remata nuns prados. Baixando á cabeceira deses prados atópase a fervenza. Hai outros saltos augas abaixo, debaixo das casas do lugar.



5- Barranco da Toxeira.

Na parroquia de Souto (A Estrada).

COMO CHEGAR: seguindo pola estrada a Moraña pasado o desvío a Nodar e A Estrada e, antes do desvío a Montillón, crúzase o rego Barranco da Toxeira que ten un percorrido en forte pendente no que forma contínuos rápidos e pequenos saltos. As fervezas están augas arriba e abaixo da ponte.



6- Regueiro do Rego

Nun afluente do Barranco da Toxeira, na parroquia de Souto (A Estrada).

COMO CHEGAR: na mesma estrada cóllese o desvío a Montillón, pásase o lugar e continúaase ata que a estrada cruza o río. A ferverza está augas arriba ao pé da ponte.



7- Rápidos da Goleta.

Entre as parroquias de Arca e Souto (A Estrada).

COMO CHEGAR: seguindo pola estrada a Moraña, pasada a Toxeira, despois dun alargo onde se descarga madeira sae unha pista de terra, á dereita da estrada, que baixa á presa da minicentral desde a que se poden ver os rápidos e cachóns da Goleta. O acceso ao río é complicado.



8- Rego de Porto Arranco (Pozo Negro).

O rego de Porto Arranco fai de linde entre as parroquias de Souto e Cequeril, dos concellos de A Estrada e Cuntis. No punto onde o cruza a estrada, arriba e abaixo da mesma, ten pequenos saltos, o máis grande, duns catro metros, atópase un pouco por debaixo da ponte.




9- Rego dos Fornos río Sequeiros

Un afluente do río Sequeiros na parroquia de Couso (Campo Lameiro)

COMO CHEGAR: na estrada de Campo Lameiro a Cuntis por Cequeril, pasada a Armonda crúzase o rego dos Fornos.

Xusto ao pé da ponte, e antes de cruzala, sae un carreiro que, río arriba, nos leva á fervenza. Hai outras máis pequenas río arriba.



10-Pozo do Penedo.

Na Ponte Taboada, no Umia, que fai de linde entre os concellos de Cuntis e Moraña.

COMO CHEGAR: na estrada de Codeseda a Moraña, en Souto cóllese o desvío a Cuntis. Pasada a ponte, á esquerda, atópase un camiño no que deixamos o coche e, río abaixo, buscamos un sitio para baixar ao pozo, un fermoso espazo pechado por unha illa que remata nun cachón de pouca altura.

